



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 25 DE MAIO DO 2022

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Elena María Arias Martínez

Secretaria-Interventora:

Irene Suárez López

Sendo as 19:30 horas do 25 de maio do 2022, reúñense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **á acta correspondente á sesión celebrada o 30 de marzo.**

Non habendo intervencións enténdense aprobadas por unanimidade dos asistentes (10 votos)

2.- APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E DOS SERVIZOS URBANOS NA ESTRADA n-651 (MARXE DEREITO SENTIDO FERROL) ENTRE OS PKS 20+940 E 21+460 EN CABANAS.

Obra no expediente a proposta que se transcribe a continuación:

Expediente núm. 448/2021



PROPOSTA DE ALCALDÍA.- APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO MELLORA DA ACCESIBILIDADE E DOS SERVIZOS URBANOS NA ESTRADA N651 (MARXE DEREITO SENTIDO FERROL) ENTRE OS PKS 20+940 e 21+460 EN CABANAS.

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 197/2022 de data 11 de marzo foi aprobado o proxecto de "Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas" redactado polo Enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira por importe de 361.264,95 e 75.865,64 correspondentes ao IVE, sendo o importe total 437.130,59 €.

Con data 03/05/2022 foi achegado proxecto modificado referente á mesma actuación, realizándose unha revisión dos prezos, tendo en conta a subida xeneralizada dos prezos de materiais dos últimos meses, ascendendo agora o importe do proxecto á contía de 477.104,21€.

Tendo en conta que con data 6/05/2022 foi asinado convenio de cooperación entre a Deputación provincial e o concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras arriba referidas, por importe de 180.000 € e atendendo á cláusula IV do dito convenio cando dispón, no seu apartado 4, que (...) No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitira a esta Deputación con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente se achegará a certificación do correspondente acordo.

É polo que esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado de "Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas" redactado polo Enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira por importe de 394.301,00 e 82.803,21 correspondentes ao IVE, sendo o importe total 477.104,21 €.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación provincial da Coruña.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día é aprobada por unanimidade dos presentes (10 votos).

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido o asunto a votación e por seis (6) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e catro (4) votos en contra dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado de "Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas" redactado polo Enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira por importe de 394.301,00 e 82.803,21 correspondentes ao IVE, sendo o importe total 477.104,21 €.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación provincial da Coruña.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 12/2022 NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Obra no expediente a proposta que se transcribe a continuación:

Expediente núm.940/2022

PROPOSTA DA ALCALDÍA.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 12/2022 NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Visto o expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm.12/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, que consta de providencia de Alcaldía, Memoria da Alcaldía e informe de Secretaría Intervención.

Visto que da liquidación do exercicio 2022 resulta un remanente de tesourería para gastos xerais positivo por importe de 977.231,27 €.

Visto que as contías consignadas no orzamento de 2022 resultan insuficientes para atender ao gasto relativo a achegas municipais e os investimentos que a continuación se relacionan:

Actuación denominada Mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460 en Cabanas., suxeita a Convenio de Cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Cabanas asinado con data 6/05/2022.

Visto o que antecede, considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación inicial polo Pleno, de acordo co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 12/2022, na modalidade de suplemento de crédito por un importe global de 39.973,62 euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
Programa	Económica		
453	61900	Achega municipal subvención nominativa para levar a cabo a actuación "Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 E 21+460 en Cabanas"	39.973,62€
		TOTAL	39.973,62€

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

TERCEIRO.-O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.



Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día é aprobada por unanimidade dos presentes (10 votos).

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido o asunto a votación e por seis (6) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e catro (4) votos en contra dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 12/2022, na modalidade de suplemento de crédito por un importe global de 39.973,62 euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
Programa	Económica		
453	61900	Achega municipal subvención nominativa para levar a cabo a actuación "Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 E 21+460 en Cabanas"	39.973,62€
		TOTAL	39.973,62€

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

4.- FORA DA ORDE DO DÍA.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Obra no expediente a proposta que se transcribe a continuación:

PROPOSTA DE ALCALDÍA: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Tendo en conta que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 26 de novembro de 2021, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022", que se destina aos 93 concellos da provincia, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 228 do 30/11/2021.

Considerando que, segundo o previsto nas ditas Bases a solicitude do Plan provincial de cooperación de obras e servizos de competencia municipal estará integrado, necesariamente, por un acordo plenario, segundo o Anexo I recollido nas Bases, é polo que, esta Alcaldía, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	114.189,18 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	114.189,18 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			<i>Orzamento total</i>
		<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)</i>	<i>Total Concello</i>	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>			<i>Orzamento total</i>
		<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)</i>	<i>Total Concello</i>	
Acondicionamento do Parque do Areal	43.509,92 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	43.509,92 €
Mellora da capa de rodaxe Balbís e Currás	40.670,01 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	40.670,01 €
Mellora da capa de rodaxe nos Chaos é acondicionamento de parcela municipal da madalena	35.334,29 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	35.334,29 €
Mellora da capa de rodaxe en	34.780,11 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	34.780,11 €

carballo de abaixo					
Subtotal investimentos achega provincial 2021	154.294,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	154.294,33 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	114.189,18 €				114.189,18 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2021	154.294,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	154.294,33 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	0,00 €				0,00 €
	Achega 2022	114.189,18 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	114.189,18 €
	Achega 2021	154.294,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	154.294,33 €
	Préstamo 2022	0,00 €				0,00 €
	TOTAL	268.483,51 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	268.483,51 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Mellora capa de rodaxe en a veiga e reposición de pavimento treito a caneta a igrexa	57.248,15 €		
Mellora da capa de rodaxe de día 8 ao cemiterio	86.233,57 €		
TOTAIS	143.481,72 €		

Sometida a votación a especial e previa declaración de urxencia de conformidade co previsto no art.83 do ROF é aprobada por unanimidade dos membros presentes (10 votos).

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido o asunto a votación e por seis (6) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e catro (4) abstencións dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	114.189,18 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	114.189,18 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	

Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Acondicionamento do Parque do Areal	43.509,92 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	43.509,92 €
Mellora da capa de rodaxe Balbís e Currás	40.670,01 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	40.670,01 €
Mellora da capa de rodaxe nos Chaos é acondicionamento de parcela municipal da madalena	35.334,29 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	35.334,29 €
Mellora da capa de rodaxe en carballo de abaixo	34.780,11 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	34.780,11 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	154.294,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	154.294,33 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	114.189,18 €			114.189,18 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00 €			0,00 €

B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2021	154.294,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	154.294,33 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	0,00 €				0,00 €
	Achega 2022	114.189,18 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	114.189,18 €
	Achega 2021	154.294,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	154.294,33 €
	Préstamo 2022	0,00 €				0,00 €
	TOTAL	268.483,51 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	268.483,51 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Mellora capa de rodaxe en a veiga e reposición de pavimento treito a caneta a igrexa	57.248,15 €		
Mellora da capa de rodaxe de día 8 ao cemiterio	86.233,57 €		
TOTAIS	143.481,72 €		

4. INFORMES DA PRESIDENCIA:

4.1. RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións de Alcaldía aprobadas dende o último pleno ordinario.

5. MOCIÓNS

- Moción dos grupos do PSdG-PSOE, BNG e AEC no concello de Cabanas sobre apoio ao ex secretario comarcal da CIG Xesús Anxo López Pintos.

A concelleira **Paula González Grueiro** expón a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes (10 votos).

A concelleira **Paula González Grueiro** da lectura á moción presentada que literalmente di:

Os grupos PSdeG-PSOE, BNG e AEC no concello de Cabanas, conforme a lexislación vixente, presente ante o pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As centrais sindicais maioritarias da comarca de Ferrol veñen de pór en marcha unha campaña social en apoio do ex-secretario comarcal da CIG, Xesús Anxo López Pintos, coa convocatoria dunha manifestación para o día 31 de maio e máis unha recollida de sinaturas apoiando a concesión do indulto para Pintos, que foi condenado pola Audiencia Provincial da Coruña a unha pena de 6 meses e un día de prisión e inhabilitación especial do dereito de sufraxio pasivo por ese tempo, pola comisión dun delito de atentado contra axente da autoridade, sentenza que vén de ser confirmada polo Tribunal Supremo.

Os feitos obxecto da condena tiveron lugar o 4 de outubro do ano 2012 formando parte dunha concentración que esa noite se formou diante do Hotel Almirante de Ferrol nunha acción de protesta fronte á política desenvolvida polo Partido Popular, polo lamentable estado da comarca, e pola inexistencia de medidas reais e efectivas do mantemento e a xeración de emprego no deteriorado tecido industrial de Ferrolterra. No momento dos feitos atopábanse reunidas arredor dunhas trescentas persoas de todo signo e cor político e sindical (CCOO, UGT, CIG, USTG ...) e coa presenza de multitude de delegados sindicais de diversos comités de empresa da comarca.

Tratábase dunha acción plural na que as forzas vivas do sindicalismo e o progresismo da comarca estaban a reivindicar menos enganos e máis emprego fronte a unha política nefasta que estaba a arruinar o noso país e o sector naval en particular.

No grupo de persoas estaban colectivos tan variados como o comité de NAVANTIA FERROL, NAVANTIA FENE, ou POLIGAL, dirixentes sindicais, sindicalistas de todo tipo, políticos e xente aos que os unía o dereito de exercer unha protesta polo que consideraban unha errática política antisocial.

Neste contexto, nun momento determinado nesta acción, cando os presentes eran máis de trescentas persoas, produciuse a detención de López Pintos, de forma absolutamente violenta, improcedente e arbitraria, nunha acción policial claramente teledirixida, única e exclusivamente, a deter violentamente a esta persoa pois foi buscado entre a multitude e sen causa lexítima para iso, dado que era o secretario comarcal de Ferrol da CIG.

O dereito fundamental ao libre exercicio da actividade sindical (artigo 28 CE) ten os seus antecedentes históricos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que establece o dereito de toda persoa a fundar sindicatos e sindicarse para a defensa dos seus intereses, así como no Pacto Internacional dos Dereitos Cívís e Políticos, do 16 de decembro de 1966, que tamén establece a liberdade de asociación de orde laboral, sen permitir ao Estado menoscabar o exercicio da liberdade sindical. Tal dereito viuse truncado aquela noite coa arbitraria detención e posterior condena xudicial, a pesar de ser vítima Xesús Anxo López Pintos de malos tratos, o que quedou plasmado nos medios de comunicación.

A figura do indulto defínese legalmente como unha forma de extinción da responsabilidade criminal. A particularidade e a esencia do indulto atópanse en que a extinción da responsabilidade penal se produce como consecuencia dunha decisión do Consello de Ministros.

Mentres que os órganos xudiciais son chamados a impartir xustiza nos termos previstos polo artigo 117 da Constitución, o Goberno débese á defensa dos intereses xerais de conformidade co artigo 97 da mesma norma. E, precisamente para a consecución de tal obxectivo, a propia Constitución puxo á súa disposición a figura do indulto, entendendo que, en ocasións excepcionais, é necesaria a adopción de decisións políticas sobre cuestións previamente abordadas polo poder xudicial.

Para a concesión dun indulto será necesario que concorran en favor do condenado razóns de xustiza, equidade ou utilidade pública. E as tres concorren neste caso concreto. Non se debe esquecer o papel de Xesús Anxo López Pintos naquela concentración, onde defendía intereses, non propios, nin egoístas, senón colectivos ou xerais.

Os grupos proponentes desta moción consideramos que a decisión que debe tomar o Goberno español respecto do indulto que se solicita para Xesús Anxo López Pintos ten que estar lóxicamente motivada e atender a unha perspectiva política e social. E a unha utilidade pública da súa decisión debe medirse polo efecto que proxecta sobre os intereses colectivos ou xerais e pola transcendencia que presenta a súa adopción pa o común dunha sociedade, máis aló das repercusións particulares.

O cumprimento efectivo da pena de prisión xeraría un enorme sufrimento en Xesús Anxo López Pintos e a súa familia, que é francamente innecesario, máxime cana a día de hoxe leva xa tempo en situación de xubilación e os feitos ocorreron hai case dez anos.

Por todo o exposto, os grupos municipais do PSdeG-POSE, BNG e AEC, solicitamos do Pleno de Cabanas a aprobación do seguinte

ACORDO

- 1. Concello de Cabanas insta ao Goberno Galego a que se dirixa ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.*
- 2. O Concello de Cabanas insta ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.*

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida a moción a votación e por seis (6) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e catro (4) votos en contra dos concelleiros do PP adoptouse o seguinte ACORDO:

- 1. Concello de Cabanas insta ao Goberno Galego a que se dirixa ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.**
- 2. O Concello de Cabanas insta ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.**

-Moción do grupo político municipal do PP sobre a participación telemática nas sesións dos órganos colexiados.

A concelleira **María José Bouza Varela** expón a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes (10 votos).

A concelleira **María José Bouza Varela** da lectura á moción presentada que literalmente di:

Desde el Partido Popular de Cabanas proponemos debatir en el próximo pleno que cualquier concejal por motivos de trabajo, enfermedad o causa mayor, que se le facilite la posibilidad tanto de asistir a las comisiones como a los plenos por videoconferencia.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida a moción a votación e por unanimidade dos asistentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Proceder á negociación dun Regulamento Orgánico municipal para o concello de Cabanas, que recolla, entre outros, os supostos de participación nas sesións dos órganos colexiados por videoconferencia.

- **Moción do concelleiro do Grupo mixto en relación a creación dunha rotonda no cruce de Cardeita.**

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** expón a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes (10 votos).

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á moción presentada polo seu grupo que literalmente di:

Asunto: Demandar unha rotonda de Cardeita na N-651

No que levamos de lexislatura, comprobamos como o concello asume unilateralmente os custos da proposta veciñal de humanización de 2003, recortando sensiblemente as demandas veciñais e detraendo recursos para servizos básicos.

O Xefe de Estradas do Estado en 2004 comprometeuse diante da Corporación municipal a realizar a humanización veciñal, que inclúe a rotonda en Cardeita. Na lexislatura de 2007 a 2011 o goberno local redactou un grande proxecto no que se incluía esta rotonda, pero finalmente quedou sen fondos estatais debido á crise e suprimíuse na presente lexislatura sen que a Demarcación se comprometese a facer ningunha actuación en Cabanas.

A Demarcación de Estradas dispoñía dun proxecto en 2010, no que se realizaban as actuacións veciñais mediante unha actuación inmediata.

Acabamos de ver como noutros concellos se realizan novas rotondas, é o caso de Bergondo, onde se vai executar unha rotonda no cruce de Guísamo cun orzamento de 900.000 euros.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Exixirlle ao Ministerio de Fomento a construción dunha rotonda en Cardeita con pasos de peóns co fin de aumentar a seguridade viaria neste cruce da N-651 de alta densidade de circulación e mais unha nova rotonda na zona do nó da AC-563 coa N-651 en Laraxe.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida a moción a votación e por unanimidade dos asistentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Exixirlle ao Ministerio de Fomento a construción dunha rotonda en Cardeita con pasos de peóns co fin de aumentar a seguridade viaria neste cruce da N-651 de alta densidade de circulación e mais unha nova rotonda na zona do nó da AC-563 coa N-651 en Laraxe.

-Moción do concelleiro do Grupo Mixto sobre a modificación do Plan parcial do polígono de Vilar do Colo.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** expón a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes (10 votos).

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á moción presentada polo seu grupo que literalmente di:

Asunto: Modificación do Plan Parcial de Vilar do Colo para facilitar instalacións comerciais na parte de Cabanas

O Plan Parcial de Vilar do Colo foi aprobado en 1993 e desde aquela non se realizou ningunha modificación. Pola contra o concello de Fene en 2015 realizou unha modificación puntual que abriu a usos comerciais as parcelas do polígono. O éxito desta modificación foi evidente, e na actualidade o goberno local poucas licenzas pode presentar no polígono, a última do aparcamento dunha grande superficie.

Na liña de avanzar na ordenación racional do territorio e co fin de desenvolver sostiblemente e axustar a normativa urbanística ao progreso económico e social do Concello, este portavoz entende que hai que adoptar medidas inmediatas, concretas e urxentes como o impulso inmediato dunha modificación puntual do Plan Parcial de Vilar do Colo desvinculada da tramitación do Plan Xeral.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar a apertura e tramitación urxente dunha modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial de Vilar do Colo que permita os usos comerciais

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida a moción a votación e por unanimidade dos asistentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Instar a apertura e tramitación urxente dunha modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial de Vilar do Colo que permita os usos comerciais

6. ROGOS E PREGUNTAS

Remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta e nove minutos, estendéndose a presente acta da que, eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº